




BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xaneiro 2017 • Nº 208



CALENDARIO DE VEDRA



■ Durante o pasado mes de decembro o Concello de Vedra repartiu en cada domicilio un calendario.

Puidera ser que algún fogar quedara sen recibilo, neste caso poden pasar a recollelo pola Casa do Concello en horario de atención ao público ou se non lles fose posible poden chamar ao 981 814 691 e farémolos chegar.

Desculpen as molestias.

CALENDARIO DE FESTIVOS LOCAIS EN VEDRA NO 2017

- 25 de maio: *Festividade da Ascensión.*
- 18 de setembro: *Festividade do Patio.*



XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

AXENDA PARA O MES DE XANEIRO

- Volven as actividades culturais e deportivas do Concello de Vedra.
- Novo trimestre das clases de informática.
- Proposta do curso para obter o graduado en ESO para persoas adultas.
- Nova etapa de sendeirismo o 21 de xaneiro.
- Campaña de esquí da Deputación da Coruña.

AXENDA DAS ASOCIACIÓNS

- A Asociación Papaventos remata o prazo para participar no Concurso de Carteis para anunciar a XIV Mostra de Teatro Amador de vedra "TEATROFI-LIA" o 10 de xaneiro.
- A Asociación SENUNPESO:
 - Presenta a programación do seu "Laboratorio Audiovisual de Vedra 2017".
 - Remata o Ciclo de Cinema Documental Galego o 14 de xaneiro.



A presentación da programación cultural de Vedra no Culturgal.



O stand de Vedra no Culturgal.



O proxecto Vedramedra no mes de decembro.



O torneo de xadrez na biblioteca de Vedra.


Así foi a Brincadeira do Nadal en Vedra



Actividade da brincadeira de nadal de Vedra.



A tarde de xogos en familia na Casa das Artes de Vedra.



O espectáculo de maxia de Kiko Pastur no Nadal de Brincadeira.



Festa de fin de ano na Ludoteca Municipal.



O festival de corais da terceira idade.



A entrega de premios do II Concurso de Tarxetas de Nadal.



ASÍ FOI NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS...



As cantarelas de nadal da Asociación San Campio.



O campamento de nadal da Asociación San Campio.



A excursión á neve da Asociación San Campio.



O Festival Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.



A proxección de Meigallos, da Asociación Senunpeso.



A proxección de Os Días Afogados da Asociación Senunpeso.

■ Lembra que tes o programa de actividades culturais e deportivas na nosa páxina web e podes consultarnos as prazas dispoñibles en cada unha das propostas.

Para actividades culturais chama ao 981 814 691 ou escribe a cultura@concellodevedra.com.

Para actividades deportivas chama ao 981 502 290 (en horario de 16:00 a 23:30 h.) ou no propio pavillón no mesmo horario.



NOVO TRIMESTRE CURSOS INFORMÁTICA

■ Co 2017 comeza un novo trimestre dos cursos de informática nos que te podes matricular:

- **Informática para a Cativada**
Horario: luns de 18:30 A 19:30 h.
- **Mecanografía con Teclado**
Horario: martes e xoves de 18:30 a 19:30 h.
- **Informática para Persoas Adultas**
Horario: martes e xoves de 20:00 a 22:00 h.

O custo das actividades serán de 20 € por persoa e trimestre.

Inscripcións abertas no teléfono 981 814 691 ou no mail cultura@concellodevedra.com

Deporte

CAMPAÑA DE ESQUÍ 2017 DA DEPUTACION DA CORUÑA

■ A Deputación da Coruña organiza de novo a Campaña de esquí destinada os nenos/as nados/as nos anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006

Terá lugar na estación invernal de Leitaregos onde os participantes gozarán de seis días con aloxamento, manutención e cursiños de esquí. A cota de inscrición da actividade será de 95 euros por participante.

Ao Concello de Vedra adxudicaronlle 4 PRAZAS para a 4ª QUENDA que terá lugar dende o 19/03/2017 ó 24/03/2017. A entrada dos rapaces/as sempre será o domingo pola tarde e a saída o venres despois da comida. O transporte dende a comarca, tanto de ida como de volta está incluído na oferta; os puntos da comarca onde terá lugar a recollida notificarase con abonda anticipación. Se estás interesado podes preinscribirte no Concello con data límite de 23/01/2017 chamando ao teléfono 981 814 691. **Terán preferencia os/as rapaces/zas que non foran a ningunha campaña da neve da deputación.** No suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas pola Deputación, será preciso realizar un sorteo público ante o/a Secretario/a do concello para adxudicar as mesmas.

SENDEIRISMO PROXIMA ETAPA

■ O grupo de sendeirismo está realizando o Camiño Portugués pola costa. A vindeira das súas etapas terá lugar o sábado **21 de xaneiro**.

- **Percorrido:** De Esposende á Praia de Amorosa
- **Distancia:** 18 km aprox.
- **Inscricións ata o 19 de xaneiro** no no teléfono 981 814 691 (en horario de 10:00 a 14:00 h.)

Puntos e horario de recollida autobús:

- 1ª parada: 7:00 h. Mosqueiro (San Mamede).
- 2ª parada: 7:10 h. Lestedo.
- 3ª parada: 7:15 h. Breixo.
- 4ª parada: 7:20 h. Hipercor.
- 5ª parada: 7:30 h. Estación de autobuses.



VEDRA MEDRA



■ **Vedra medra** levou a cabo estes días previos ao Nadal unha actuación de dinamización que denominamos “Retratos con pano de fondo” con base na exposición “Ballesteros, fotógrafo” que acolle o noso centro dende mediados de novembro.

Luis Ballesteros falounos, cando nos visitou, acerca da súa técnica de fotografado: a saba branca de fondo e nós quixemos emulalo e retratar á vella usanza os/as alumnos/as máis pequenos de ESO: 1.º A e B actuaron de modelos.

“Retratos con pano de fondo” terá continuidade de aquí a pouco tempo xa que pediremos que os rapaces se exerciten como fotógrafos cos seus maiores.

Vedra medra participou tamén na elaboración do calendario municipal 2017 no que se recorda este proxecto e o seu lema: “por un patrimonio vivo: coñecer, valorar, ACTUAR”.

Rematamos o ano 2016, e con el debe ir o noso agradecemento para todos os vedreses que viñeron colaborando con nós, para o Concello, a veciñanza e as asociacións culturais e para todos os lectores do boletín, Vedra medra envía unha presada de bos desexos e que o 2017 veña avegoso.



E faino coa fermosísima tarxeta postal que Lucía Castro (alumna de 1.º ESO) realizou para Vedra medra.


Se desexades saber máis do que estamos a facer, consultade o Facebook **Vedra medra**.

Convidámosvos a participar e a seguir sumando por un PATRIMONIO VIVO... E DINÁMICO.

GRADUADO EN ESO PARA PERSOAS ADULTAS

■ Dende o concello ofertamos un ano máis un curso preparatorio par a obtención do título de graduado en ESO para maiores de 18 anos. Se estás interesado/a insíbete no departamento de Cultura, no teléfono 981 814 691 ou no correo electrónico: cultura@concellodevedra.com.

O curso preparatorio só se realizará no caso de acadar un grupo mínimo de alumnos/as.





ACTIVIDADES LUDOTECA

■ Chega un novo ano e dende a Ludoteca queremos comezalo cargadiños/as de ilusións, comezaremos o ano escribindo a carta aos Reis e cun gran xogo en torno a corresponsabilidade: **"O meu papel en Vendra"** e **"Harry Potter, Taller en Howgarts: O libro dos feitizos"**

Ao longo do mes de Xaneiro comezaremos unha nova aventura: **"A máquina tempo"**.



Visita de Papá Noel á Ludoteca.

- Para iso, realizaremos diferentes actividades, como localización temporal, xogos espazo-temporais, contacontos, elaboración de alimentos, decoración e moitas cousas máis.
- Día da Paz. Contacontos e Xogamos en valores, iremos traballando o concepto da paz e os valores a través de varios contos recollidos no libro "Niños de valor".
- Super chef: Como tódolos meses, faremos un taller de cociña para chuparse os dedos!
- Empezamos co Entroido: Como quen di, aínda acabamos de saír do Nadal e xa nos metemos de cheo no Entroido, pero como ben sabedes, está a volta da esquina e quen sabe que sorpresas os daremos!!
- Realizaremos un taller de corresponsabilidade cos nenos e nenas para comezar o ano sendo consecuentes coa sociedade.
- O "profesor chiflado" traeranos de novo, un dos seus experimentos tan divertidos!!



Deputación
DA CORUÑA



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Mercadiño Solidario de Nadal**
Sábado 7 de xaneiro ás 18:00 h.
no salón do Centro Social

■ **Obradoiro de Teatro**
Xoves 12 de xaneiro ás 18:30 h.
Creación dun grupo para a montaxe dunha obra de teatro. Anímate e participa!

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**
Mércores 18 de xaneiro.
Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)
Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 8 de xaneiro no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición)

■ **Baile con disco**
Domingo 22 de xaneiro ás 18:00 h.

■ **Bingo**
Xoves 26 de xaneiro ás 20:00 h.

■ **Escola de Saúde: "Autocoñecemento; aprender a valorarse e a querer-se máis"**
Xoves 9 de febreiro ás 20:00 h.



Baile de fin de ano na Terceira Idade



IMSERSO PROGRAMA DE TERMALISMO 2017

■ Para participar é necesario reunir algún dos seguintes requisitos:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viuvez do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do Sistema da Seguridade Social, con 60 anos ou máis.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos ou máis. Tamén é necesario:
- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por sí mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

Servizos que ofrece:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.
- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas gratuitamente.
- Póliza colectiva de seguro.



Balnearios galegos concertados:

Baños Vello	Santiago de Compostela
Guitiriz	Termas Romanas
Río Pambre-2	Augas Santas
Arnoia	Molgas-1
Molgas-2	Carballiño
Laías	Lobios
Acuña-1	Acuña-2
Dávila	Caldelas de Tui
Termas de Cuntis	Illa da Toxa
Baños da Brea	Mondariz



As quendas poderán ter unha duración de 10 ou 12 días.

Para asistir ás quendas de **FEBREIRO** a **AGOSTO**, ambos incluídos: Deben solicitalo antes do 11 de xaneiro de 2017.

Para asistir ás quendas de **SETEMBRO** a **DECEMBRO**, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 10 de maio de 2017.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do Concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14:00 horas.

SOLICITUDE DE TARXETA ACREDITATIVA DO GRAO DE DISCAPACIDADE

■ Dirixido a todas as persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade con anterioridade ao 4 de agosto de 2016.

Para máis información e tramitación poderán dirixirse ao **Departamento de Servizos Sociais Comunitarios** do Concello os luns, xoves e venres de 8:30 a 14:00 horas.



Iniciativas das Asociacións

ASOCIACIÓN SENUNPESO LABORATORIO AUDIOVISUAL DE VEDRA 2017

■ 17, 18 e 19 de febreiro

Aberto xa o prazo de inscrición!
www.senunpeso.org

O Laboratorio Audiovisual de Vedra que organiza a Asociación Senunpeso ten xa aberto o prazo de inscrición nos obradoiros para persoas adultas. Entre os cursos para persoas que ofertamos, destaca:

• Curso de edición de vídeo para principiantes

Tes o móbil cheo de vídeos e non sabes que facer con eles? Sempre che gustou a idea de regalarlle un vídeo especial a un familiar ou a un amigo pero non sabes como? No teu traballo non che viría mal saber editar un vídeo? Este curso está dirixido a persoas sen ningunha ou con moi pouca experiencia que queren ter un punto de partida a partir do cal editar os seus vídeos. Poderás saber un pouco máis sobre a montaxe e a súas posibilidades. Rematarás o curso con polo menos un vídeo editado, cos seus rótulos, as súas músicas e os seus efectos, listo para publicar e difundir.

Impartido por: María Lobo e Roi Guitián (Gingko)

Máis información sobre o programa, os profesores e o material necesario en: <http://senunpeso.org/edicion-de-video-para-principiantes>.

Os outros obradoiros ofertados para persoas adultas son:



- **A arte da cinematografía**, con Alberte Branco (iniciación).
- **Luz escénica**, con Xacobo Castro (iniciación).
- **Escritura de diálogos para televisión (e cine)**, con Eligio R. Montero (medio).

Continúa na páxina 10



ASOCIACION CULTURAL SENUNPE\$O

- **A montaxe audiovisual. Procura e descubrimento**, con Sandra Sánchez (medio).
- **Cámara ENG**, con Juan Barcia (medio).
- **A costela de Adán (interpretación)**, con Mariana Carballal (medio).
- **Videoproxeccións para espectáculos en vivo**, con Laura Iturralde (medio).
- **Timelapse avanzado: controlando a luz en movemento**, con Daniel Almeida (avanzado).

- **Datas:** 18 e 19 de febreiro.
- **Horario:** sábado de 10 a 14 h. e de 15:30 a 19:30 h. e domingo de 10 a 14 h. e de 15:30 a 17:30 h.
- **Duración:** 14 horas
- **Prazas:** 15
- **Prezo:** 50 €
- **Inscripción:** matrícula xa aberta. Pódese facer directamente a través da páxina web www.senunpeso.org.

org ou escribindo un e-mail a info@senunpeso.org. Para as asociacións de Vedra, o LAV ofrece ata 5 prazas bonificadas ao 50% do prezo da matrícula nos obradoiros: "Luz escénica" e "Edición de vídeo para principiantes". As condicións poden consultarse na web de Senunpeso.

OBRADOIROS GRATUÍTOS PARA XENTE NOVA E TERCEIRA IDADE

Música electrónica con materiais cotiáns

Impartido por: Mateo Mena.

Dirixido a: rapazada de 11 a 16 anos.

Duración: 3 horas.

Horario: sábado 18 de febreiro de 10 a 13 h.

Inscripción: do 9 ao 20 de xaneiro nos centros escolares. A partir do 23 de xaneiro, directamente na páxina web www.senunpeso.org

Xogando coa holografía

Impartido por: Xurxo Guitián e Jenaro Castro (Ceta Systems).

Dirixido a: rapazada de 10 a 16 anos.

Duración: 4 horas.

Horario: domingo 19 de febreiro de 10 a 14 h.

Inscripción: do 9 ao 20 de xaneiro nos centros escolares. A partir do 23 de xaneiro, directamente na páxina web www.senunpeso.org

Radio para maiores

Impartido por: Sergio Pascual e Lucía Abarrategui.

Dirixido a: persoas xubiladas.

Duración: 8 horas.

Horario: sábado 18 e domingo 19 de febreiro.

ANPA "A BÓCA" DO CPI PLURILÍNGÜE DE VEDRA CAPTACIÓN DE SOCIOS

■ Debido ó cambio de directiva, a ANPA "A BOCA" fai a inscrición un pouco tarde este ano polo que amplía o prazo ata o 31 de Xaneiro.

- Para facerte socia/o da ANPA só tes que ingresar ou transferir 15 € (cota por curso e familia) ó número de conta de ABANCA ES93 2080 0320 2230 4000 2641, e entregar unha ficha de inscrición debidamente cuberta na conserxería do colexio (podes atopala no blog da ANPA)

- Se prefires pagar en efectivo, os martes do mes de xaneiro de 14.30 a 15 horas e de 16.30 a 17 horas podes atoparnos no local da ANPA.

Cantos máis socios sexan máis recursos, ideas e proxectos poden poñer en marcha dende a asociación e tamén poderan facer máis eventos educativos nos que integrar mellor a toda a comunidade educativa, pais e nais, docentes, alumnos e todo o colectivo que directa ou indirectamente colabora ou traballa no noso colexio.



ASOCIACIÓN SENUNPESO REMATA O CICLO DE CINEMA DOCUMENTAL GALEGO

■ En todas as mans

Dirixido por Diana Toucedo. Cooperativa Trespés

Sábado 14 de xaneiro ás 20:00 h. na Casa da Estación de Santa Cruz de Ribadulla
Ao quente e de balde!

Este documental dirixido por Diana Toucedo pretende mostrar o mundo do monte veciñal, unha realidade próxima, escasamente coñecida e mesmo pouco valorada. Ao tempo, quere sinalar as potencialidades que ten como ferramenta válida para a xestión e custodia do territorio. Pretende facer fincapé na titularidade comunitaria como un elemento que fai parte do patrimonio cultural galego e busca o recoñecemento para as persoas que conforman as comunidades de montes. Pretende construír un relato tecido coas voces das xentes das comunidades e do ámbito académico, construíndo unha ollada diversa e unha reflexión colectiva sobre o monte veciñal e o seu futuro.



Máis información en: www.senunpeso.org
www.facebook.com/Senunpeso
https://twitter.com/Senunpeso_AC

ASOCIACIÓN PAPAVENTOS XII CONCURSO DE CARTEIS PARA ANUNCIAR TEATROFILIA 2017

■ A Asociación Cultural Papaventos convoca o concurso de carteis para anunciar a *XIV Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia*, que se celebrará no mes de marzo de 2017.

Ainda estás a tempo de participar, a data límite para a presentación de carteis é o 10 de xaneiro de 2017, os sobres pechados xunto cos carteis poderanse presentar na Casa do Concello de Vedra ou a través de correo postal ao seguinte enderezo:

Asociación Cultural Papaventos
Rúa da Boca, nº 9 CP 15885,
Vedra (A Coruña)

Mais información en: ac_papaventos@yahoo.es;
www.asociacionpapaventos.blogspot.com ou nos teléfonos 626 937 587 e 686 181 861

Teatrofilia
Mostra de Teatro Amador de Vedra





FESTAS PARROQUIAIS EN SAN XIÁN

■ O 6, 7 e 8 de xaneiro a parroquia de San Xián celebrará as súas tradicionais festas parroquiais.

SAN XULIÁN DE SALES

Xaneiro 2017

VEDRA

6
VENRES

FESTA NA HONRA A SAN SEBASTIÁN
Misa solemne ás 13.30 h.

Sesión Vermú amenizada polas Pandereteiras da Asociación

SILANDEIRA E UNIÓN y FUERZA

Pola noite Gran Verbena a cargo da orquestra:

ESSENCIA
UNIÓN y FUERZA

7
SABADO

FESTA NA HONRA A VIRXE DAS DORES

Misa solemne ás 13.30 h.

Sesión Vermú amenizada polo dúo **NUEVA ERA**

Pola noite Gran Verbena a cargo da orquestra:

VERSALLES
e NUEVA ERA

8
DOMINGO

FESTA NA HONRA A SAN XULIÁN

Misa solemne ás 13.30 h.

Sesión Vermú coa actuación dos
nenos da Asociación Cultural Deportiva

e tamén contaremos coa actuación de

RAIOLO

BEIRAMAR

O CAMPO DA FESTA ESTARÁ CUBERTO POR UNHA CARPA

FESTA DAS CANDEAS...

...EN SAN PEDRO DE SARANDÓN

■ O sábado 28 de xaneiro a comisión de festexos de San Pedro de Sarandón celebra a Festa da Candelaria 2017. Misa cantada a unha da tarde coa Coral da Terceira Idade de Vedra. Haberá sesión vermú e verbena amenizada polo Dúo Phantón. E por suposto fogos de artifício, bo viño e moita festa!!

...EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ O domingo 29 de xaneiro, a comisión de festexos organiza a súa tradicional Festa da Candelaria!

E EN FEBREIRO...

FESTAS DO SAN BLAS EN SAN MAMEDE DE RIBADULLA O 4 E 5 DE FEBREIRO

SÁBADO DE ENTROIDO DA COMISIÓN DE FESTAS DE VEDRA O 25 DE FEBREIRO

A comisión de festas de "Santa Baia" de Vedra convoca a celebración do entroido cun Entroido Tradicional no campo da festa de Vedra. Haberá disfraces, parrandas, vellos, carrozas e atranques de xenerais. Mais información no proximo boletín de información municipal.

ALEGRIA, ALEGRIOTE...

QUE ESTA O RABO DO PORCO NO POTE

Pequenos... Grandes Xestos!!!



O boletín de Vedra propónche un novo reto para o ano 2017, quere coa túa axuda presentar mensualmente pequenos xestos que axuden a mellorar a nosa

contorna! ...ACHEGA AS TÚAS PROPOSTAS EN cultura@concellodevedra.com ou chamanos ao 981 814 691 e cóntanos!!

■ Pensando no 2017 que chega e despois das datas de nadal e consumo recién pasadas, teñamos sempre en conta a reciclaxe!!

Nesta sociedade consumista que nos envolve encarguémonos polo menos de separar ben o plástico dos

innumerables envoltorios que pasan polas nosas mans: de xoguete, de comida, de regalos,... soamente as bolsas de plástico, algo tan presente no noso día a día, supoñen unha enorme ameaza para a boa saúde do planeta. O plástico supón o 5 % da produción de petróleo mundial,

así que cando teñamos unha bolsa na man, ou calquera das infinitas posibilidades de envases de plástico, lembremos a importancia da súa correcta reciclaxe... teñamos conciencia de que nós tamén podemos mellorar ou empeorar o noso medio e por descontado o noso mundo.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.